

Os bolechas

PEPE CARREIRO

XOGUETES PARA A IGUALDADE

XOGAMOS IGUAIS. OS XOGUETES NON TEÑEN SEXO

- 1. Non hai xoguetes de nenas e nenos.** Poden xogar nenas e nenos indistintamente. Transmitamos esta idea!!
- 2. Non hai cores de nenas e nenos.** Escollo a cor que quero sen etiquetas que limiten a creatividade.
- 3. O xoguete non fomentará condutas ou comportamentos violentos e agresivos.** Escolle **xoguetes que favorezan as relacións igualitarias e colaboradoras entre nenas e nenos.**
- 4. Intenta elixir xoguetes que reflictan a diversidade de cada persoa.** Somos iguais dende a diferenza.
- 5. O xoguete será divertido e seguro, favorecerá a imaxinación e a creatividade, axeitado á idade e ós gustos das nenas e dos nenos e libre de prexuízos sexistas.** **Os xogos e os xoguetes educan.**



- 6.** Procura que os xoguetes e xogos **favorezan a igualdade na participación e o desenvolvemento de sentimentos e afectos sen diferenza** de nenas e nenos.
- 7.** Elixe **xoguetes que xunten a nenas e nenos cooperando e compartindo espazos**, tanto público como doméstico. Ensinámoslles a construír un mundo máis libre e igualitario.
- 8.** Regala xoguetes que estimulen a curiosidade e o interese por investigar, que **axuden a promover todas as capacidades e habilidades persoais** de nenas e nenos, posibilitando tanto os xogos tranquilos como os que fomenten a actividade física.
- 9.** Escolle xoguetes, xogos, libros e películas nos que se **nomee e estean presenten as nenas e os nenos, as mulleres e os homes**, respectando as diferenzas, recoñecendo a diversidade e libres de estereotipos de xénero.
- 10.** **As nais e os pais supervisarán e serán partícipes dos xogos e lecturas** das nenas e dos nenos.